Resolución pola que se aproba a concesión da subvención nominativa á Escola Xadrez Pontevedra pola organización da actividade "XIII Torneo Internacional de Xadrez Cidade de Pontevedra"

Ref. Expte. 2025/SUBDIREC/000025

Examinado o expediente tramitado para conceder a subvención de forma directa e con carácter nominativo que se sinala no asunto, resultan acreditados os seguintes:

I.- Antecedentes:

1.- Por providencia-memoria ditada polo órgano competente dispúxose iniciar o expediente para o outorgamento dunha subvención directa nominativa á Escola Xadrez Pontevedra, NIF G94022498, pola organización do XIII Torneo Internacional de Xadrez Cidade de Pontevedra

2.- O expediente foi informado polo Servizo Xestor e pola Asesoría Xurídica Municipal.

3.- O Órgano de Xestión Orzamentaria e Contabilidade contabilizou a operación necesaria para o outorgamento da subvención e a Intervención Xeral Municipal fiscalizou de conformidade o expediente.

II.- Fundamentos xurídicos:

1.- O artigo 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local establece que o municipio, exercerá en todo caso competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, na materia obxecto da subvención, o que xustifica a utilidade pública e o interese social na concesión da axuda.

2.- O artigo 3 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontevedra dispón que son subvencións as disposicións dinerarias realizadas polo Concello para o desenvolvemento de proxectos, accións ou condutas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de titularidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

3.- O artigo 22.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións establece que poderán concederse subvencións de forma directa cando estas estivesen previstas nominativamente nos orzamentos dos entes públicos.

4.- A competencia para a concesión da subvención de forma directa referente á axuda por este importe corresponde á Alcaldía, en función do establecido no artigo 124.4.n) da Lei 7/1985, no artigo 13.2.n) do Regulamento orgánico do goberno e da administración municipal e no artigo 36.3 da Ordenanza Xeral de Subvencións (OXS). Esta competencia atópase delegada na concelleira de Promoción da Igualdade, do Benestar, da Saúde e da Economía por decreto do alcalde de 17/09/2024, que establece que a concesión de subvencións directas corresponderá aos/as concelleiros/as de goberno delegados de área, segundo o seu ámbito funcional, sempre e cando sexa competencia da Alcaldía, nos termos establecidos na OXS do Concello de Pontevedra.

Segundo dispón o artigo 17 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a delegación da facultade para conceder subvencións comportará, segundo se dispoña na norma habilitante,

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:UUQMYB51PB7L7GBE

a aprobación de gasto, salvo que se exclúa de forma expresa.

Esta concellaría, atendendo ao establecido no informe da xefatura do servizo, da Asesoría Xurídica do Concello, do OXOC e da Intervención Xeral Municipal, e que lle serven de fundamento, no exercicio das súas atribucións delegadas, **resolve**:

Primeiro: Aprobar a concesión da subvención, de forma directa e con carácter nominativo, á Escola Xadrez Pontevedra, NIF G94022498, para a organización do XIII Torneo Internacional de Xadrez Cidade de Pontevedra, por importe de 15.000,00 €, nos termos previstos no convenio regulador da axuda.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria, operación contable do exercicio vixente e importe que se sinala a continuación:

Aplicación	Operación nº	Importe
01/3410/48913	12025000051488	15.000 €

Terceiro: Aprobar o texto do convenio regulador da subvención nominativa do seguinte teor literal:

"**Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Escola Xadrez Pontevedra pola organización do "XIII Torneo Internacional de Xadrez Cidade de Pontevedra"**

Ref. Expte. 2024/SUBDIREC/000019

No Concello de Pontevedra, na data que consta na sinatura electrónica

Comparecen:

Dunha parte, D. Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde do Concello de Pontevedra, no exercicio das atribucións conferidas pola lexislación do Réxime e Administración Local.

Doutra parte, D. Daniel Rivera Kuzauka, NIE X1292177Z, actuando en nome e representación da entidade Escola Xadrez Pontevedra, CIF G94022498, segundo resulta acreditado na documentación de representación incorporada ao expediente, asegurando a vixencia do seu cargo e das súas facultades para este acto.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio e, a tal efecto

Expoñen:

I. O artigo 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local dispón que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos nese artigo. Desta forma, o artigo 25.2, nos seus apartados h), l) e m), dispón que o municipio exercerá en todo caso como

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:UUQMYB51PB7L7GBE

competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras nas materias de promoción da actividade turística de interese e ámbito local, de promoción do deporte, da ocupación do tempo libre e da cultura. En termos semellantes, o artigo e 80.1 e 80.2.n) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, recoñecen que o municipio poderá exercer competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, nas materias de actividades culturais e deportivas, a ocupación do tempo libre e o turismo.

Pola súa banda, o artigo 8 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia establece como competencia dos concellos, entre outras, a de fomentar, promover e difundir o deporte e realizar calquera actuación que redunde en beneficio do desenvolvemento deportivo local. Débese subliñar tamén que o fomento da educación física e o deporte e a promoción da adecuada utilización do ocio é unha competencia concorrente de todas as administracións e unha obriga dos poderes públicos, segundo se desprende do artigo 43 da Constitución Española de 1978.

II. Os estatutos da devandita Escola foron validados e atópase inscrita no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia co nº C-10771 e no Rexistro Municipal de Asociacións co nº 425.

III. Que entre os principais fins da Escola Xadrez Pontevedra figuran os concorrentes coas competencias municipais expresadas.

IV. O Concello de Pontevedra fai un esforzo moi importante dende os últimos anos, para a celebración no noso municipio de eventos deportivos de primeira orde no Estado español e a nivel internacional, coa finalidade de fomentar a participación deportiva entre a poboación e promover a súa imaxe.

Os eventos deportivos para os que solicita a axuda son probas de grande interese público e social, polo elevado número de participantes e espectadores, polo nivel deportivo da proba, así como pola promoción do deporte de base, do turismo e da economía do noso municipio. Deste xeito, a celebración destes eventos na cidade de Pontevedra suporá, por un lado, a posta en valor da actividade física e deportiva e, por outro, o fomento e a difusión da cidade como promotora de competicións dun destacado nivel deportivo, promovendo a súa imaxe e a súa oferta cultural, turística, comercial e deportiva. A importante repercusión e difusión das probas e o elevado número de participantes e espectadores que se achegan á cidade, fan que a actividade teña un importante retorno económico para a veciñanza, promovendo a promoción da imaxe de Pontevedra como escenario dunha proba deportiva de alto nivel internacional.

Cómpre subliñar que o campionato para o que se solicita a subvención é organizado por unha entidade deportiva de base que, aínda que ten unha relación directa coa organización de eventos deportivos na modalidade do xadrez, estas actividades son de carácter puntual e extraordinario e desenvólvense fóra da súa programación habitual, polo que non se inclúen no orzamento anual da asociación que solicita a axuda.

V. A organización da actividade subvencionable obxecto do presente convenio corresponde en exclusiva á Escola Xadrez Pontevedra o que imposibilita a concorrencia con outras entidades deportivas.

VI. A tal fin, no marco das competencias municipais subliñadas en materia de fomento do deporte, da cultura e do turismo determinadas nas Leis 7/1985 e 5/1997, este Concello preveu no seu Orzamento Xeral a aplicación orzamentaria necesaria para colaborar na organización do citado evento.

Pola súa banda, o Plan estratéxico de subvencións do Concello de Pontevedra vixente recolle no seu Anexo I (actualización do Plan para o exercicio 2025) co número 2023/PRE/0003 a axuda económica subliñada.

VII. O convenio de colaboración resulta o instrumento xurídico habitual para canalizar as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa, consonte co establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, no regulamento que desenvolve a anterior, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, na Lei

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:UUQMYB51PB7L7GBE

9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de subvencións do Concello.

En base a canto antecede, as partes intervenientes acordan celebrar o presente convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Escola Xadrez Pontevedra para a organización do XIII Torneo Internacional de Xadrez Cidade de Pontevedra que se rexerá con suxeición ás seguintes **cláusulas:**

Primeira.- Obxecto do convenio e obxectivos da subvención do Concello.

1. É obxecto do presente convenio establecer as condicións reguladoras da subvención nominativa prevista no Orzamento Xeral do Concello que se lle outorga á beneficiaria, pola contía e para a actividade, proxecto ou actuación de interese municipal e utilidade pública que se detalla a continuación:

Entidade beneficiaria	Importe da subvención	Actividade , proxecto ou actuación financiada	Período de realización da actividade
Escola Xadrez Pontevedra/ G94022498	15.000,00 €	XIII Torneo Internacional de Xadrez Cidade de Pontevedra	Do 24 ao 30 de xullo de 2025

2. A actividade, proxecto ou actuación subvencionada realizouse do 24 ao 30 de xullo de 2025. No caso de que a actividade requirise dun período para a súa preparación ou de actuacións posteriores relacionadas coa xestión da actividade subvencionada, incluída a de xustificación da axuda, estes períodos considéranse incluídos dentro do ámbito temporal da actuación, co límite de dous meses antes e dous meses despois aos de realización da actividade.

3. Os obxectivos concretos que se queren acadar co outorgamento da subvención son os seguintes:

- En xeral, os establecidos no obxectivo estratéxico 4 fomento do deporte do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Pontevedra, aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 23/11/2023: fomentar a práctica de actividade física e deporte entre a cidadanía do Concello de Pontevedra, ofrecer ao conxunto da cidadanía a posibilidade de satisfacer as súas necesidades deportivas e incentivar unha práctica saudable como medio de mellora da calidade de vida a través da colaboración con outras administracións e entidades, impulsar o desenvolvemento económico e social do municipio coa implementación de políticas públicas que contribúan a xerar riqueza no territorio.

- Segundo dispón o Anexo I do Plan Estratéxico Subvencións do Concello Pontevedra 2023_2025, o obxectivo desta subvención é favorecer a realización de actividades deportivas no municipio, apoiar a todo tipo de entidades públicas ou privadas que programen ou realicen actividades de carácter deportivo, para a celebración de competicións ou eventos deportivos.

Segunda. Normativa de aplicación

A esta subvención seranlle de aplicación as seguintes normas:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado por Real decreto 887/2006
- Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontevedra e os seus Organismos Autónomos, aprobada

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:UUQMYB51PB7L7GBE

polo Pleno da corporación municipal na sesión do 17/09/2004 (https://sede.pontevedra.gal/public/dynamic/publications/municipalregulations/)

Terceira. Importe da subvención e financiamento do convenio

1. O Concello de Pontevedra comprométese a achegar a cantidade de 15.000,00 € para colaborar nos gastos derivados da organización do evento.

2. O importe subvencionado non poderá exceder do 50% do custe da actividade.

3. A subvención nominativa financiarase con cargo á aplicación do Orzamento Xeral do Concello deste ano que se sinala a continuación, na que existe crédito axeitado e suficiente:

Aplicación	Operación Contable	Importe
01/3410/48913	12025000051488	15.000 €

Cuarta. Compatibilidade con outras axudas e subvencións

1. A subvención outorgada polo Concello é compatible con outras axudas, ingresos ou recursos públicos ou privados para a mesma finalidade. Neste caso, na xustificación da subvención deberá de acreditarse o importe, procedencia e aplicacións dos fondos percibidos á actividade subvencionada.

2. O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade subvencionada a desenvolver pola beneficiaria.

Quinta. Obrigas e compromisos da beneficiaria

A Escola Xadrez Pontevedra deberá cumprir coas obrigas establecidas no artigo 14 da LXS, no artigo 11 da LGS e no artigo 7 da OXS, e realizar os seguintes compromisos:

1. Organizar no Concello de Pontevedra a actividade ou proxecto obxecto deste convenio e destinar a subvención ao desenvolvemento da dita actividade.

2. A Escola Xadrez Pontevedra ten a condición de organizadora e promotora exclusiva da actividade subvencionada limitándose a colaboración do Concello a achega da subvención comprometida, polo que esta administración está eximida de calquera responsabilidade que poida derivarse da realización do evento.

3. Consonte co disposto nos artigos 22 e 23 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, a entidade beneficiaria, como organizadora en exclusiva do evento deportivo, deberá subscribir obrigatoriamente un seguro para o suposto de accidente deportivo e un seguro de responsabilidade civil polos danos que se lles

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:UUQMYB51PB7L7GBE

poidan ocasionar ás persoas usuarias, a participantes e a calquera outra persoa, como consecuencia das condicións das instalacións ou da actividade desenvolvida nelas.

4. A entidade beneficiaria comprométese a solicitar as autorizacións que, no seu caso, sexan necesarias para o desenvolvemento das actividades, así como a por en coñecemento deste Concello as datas e lugares previstos para o desenvolvemento daquelas, cando non resulte preciso a obtención de licenza ou autorización municipal.

5. No caso de que a actividade subvencionada implicase o contacto habitual con menores de idade, é responsabilidade da entidade beneficiaria dispoñer das certificacións legalmente establecidas para acreditar que as persoas que se adscriban á realización do proxecto para o que se solicitou a axuda non foron condenadas por sentencia firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual.

6. Cumprir as obrigas de publicidade e de difusión do financiamento do Concello establecidas na cláusula décimo cuarta.

7. De conformidade co artigo 33 da Ordenanza de impulso do uso do galego no Concello de Pontevedra, as publicacións, a cartelaría, a publicidade e toda produción escrita das actividades da asociación beneficiaria da subvención deberá estar en lingua galega.

8. Comunicar a solicitude ou obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

9. Comunicar calquera alteración das condicións que fundamentaron a concesión da axuda, solicitando a súa autorización.

10. Solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do servizo ou a entrega dos subministros necesarios para realizar a actividade, cando o seu prezo supere os 15.000,00 €, sen incluír o IVE, segundo se indica na cláusula décima.

11. Xustificar a subvención na forma establecida na cláusula décimo segunda.

12. Conservar os documentos xustificativos da actividade ou proxecto subvencionado por un prazo de 5 anos.

13. Cumprir a normativa que lle resulte de aplicación en materia de contratación e xestión do gasto.

14. A entidade beneficiaria someterase ás actuacións de comprobación e control financeiro que efectúe o órgano concedente da subvención ou calquera outro órgano competente, achegando canta información lle sexa requirida.

Sexta. Obrigas e compromisos do Concello de Pontevedra

O Concello de Pontevedra comprométese a:

- Conceder á Escola Xadrez Pontevedra unha subvención por importe de 15.000,00 € para colaborar nos gastos derivados da organización do XIII Torneo Internacional Xadrez Cidade Pontevedra na súa edición do ano 2025.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:UUQMYB51PB7L7GBE

- Darlle á organización toda a información que poida achegar para o desenvolvemento da actividade.

- Difundir dito campionato, a través dos instrumentos e canles de comunicación dos que dispoña o Concello de Pontevedra a celebración nesta cidade do XIII Torneo Internacional Xadrez Cidade Pontevedra.

Sétima. Subcontratación da actividade

1. A persoa beneficiaria terá que realizar por si mesma a actividade subvencionada, utilizando para tal fin os medios persoais e materiais dos que dispoña. Cando ditos medios resulten insuficientes, poderá contratar directamente a empresas ou a persoas empresarias o subministro dos bens e servizos necesarios para realizar a actividade, sen que poida utilizar intermediarios que se limiten a xestionar a compra ou o servizo que non poden prover por eles mesmos, aumentando así o prezo final facturado.

2. De conformidade co que prevé o artigo 29 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, e no artigo 68 do seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, a entidade beneficiaria non poderá concertar con terceiros a execución da actividade por importe superior ao 50% do custo total do proxecto.

Queda fóra deste concepto a contratación descrita no apartado 1.

3. A beneficiaria non poderá concertar en ningún caso a execución parcial da actividade nin contratar as prestacións de bens ou servizos necesarios para a realización da actividade coas persoas ou entidades que enumera o punto 7 do artigo 29 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, que son as seguintes:

a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións para recibir subvencións do artigo 13 da lei.

b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.

c) Persoas intermediarias ou asesoras en que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, a menos que o dito pagamento estea xustificado con referencia ó valor de mercado do traballo realizado ou ós servizos prestados.

d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, salvo que concorran as seguintes circunstancias:

1ª. Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado.

2ª. Que se obteña a previa autorización do Concello de Pontevedra

Oitava. Posibilidade de anticipo

De acordo co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, e no artigo 21.5 da Ordenanza de subvencións, poderá realizarse o pago anticipado do 30% da cantidade subvencionada, para financiar gastos inaprazables derivados da organización do evento obxecto do convenio.

Novena. Gastos subvencionables

1. Considerararanse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, sexan estritamente necesarios e se realicen no período de realización do proxecto previsto na cláusula primeira, apartado 2.

2. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá superar o valor razoable segundo as

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:UUQMYB51PB7L7GBE

normas contábeis nin o valor de mercado.

3. A subvención do Concello poderá destinarse aos conceptos ou gastos correntes que se especificaron pola beneficiaria na súa solicitude, que é o orzamento aceptado polo Concello para a concesión da subvención.

A desviación máxima permitida entre os conceptos ou gastos realizados con respecto ao orzamento aceptado polo Concello (o presentado pola beneficiaria xunto coa súa solicitude) será do 20%.

No caso de existir desviacións entre a previsión de gastos da solicitude e os gastos efectivamente realizados, deberán explicarse estas desviacións coa xustificación da subvención.

4. Para que os gastos xustificados poidan considerarse subvencionables deberán cumprir estas normas:

a) Gastos de comidas e aloxamentos: poderán ser subvencionables os gastos derivados de celebracións gastronómicas, protocolarias e aloxamentos, sempre que sexan estritamente necesarios e estean directamente vencellados ao programa ou proxecto subvencionado. Neste caso, deberá presentarse unha declaración responsable do representante da entidade no que se sinale o motivo do gasto e as persoas ou grupo de persoas destinatarias do gasto (comensais ou grupo de comensais e relación de persoas aloxadas).

b) Gastos de viaxes: só se admitirán gastos de viaxes daquelas persoas dedicadas á organización e desenvolvemento da actividade subvencionada, sendo requisito imprescindible que estas persoas figuren nominativamente identificadas nos documentos xustificativos dos gastos. Os gastos de viaxe (billetes de avión, tren, etc.) deberán corresponder á clase turista ou similar.

c) Indemnizacións por manutención ou gastos de locomoción: neste caso o importe subvencionable non superará as contías que, segundo a lexislación vixente en cada momento, estean exentas de tributación.

d) Gastos asociados á locomoción: no caso de gastos asociados a traslados ou locomoción que sexan necesarios para a realización da actividade abonados directamente pola persoa viaxeira, para garantir a trazabilidade do gasto, é necesario que se presenten as facturas abonadas pola persoa que fai o traslado co xustificante do pago e o xustificante do pago da entidade beneficiaria á persoa viaxeira. Neste caso, deberase presentar unha declaración responsable onde se especifique o motivo do traslado e a relación da persoa que viaxa coa realización da actividade.

e) Gastos derivados de impartir relatorios ou conferencias: poderán ser gasto subvencionable, debendo xustificarse na forma establecida na cláusula décimo terceira, punto 1 c) (mediante factura ou a folla de liquidación cos datos fiscais da persoa receptora e declaración-liquidación acreditativa da retención practicada e da súa declaración e ingreso a prol da Axencia Tributaria)

f) Gastos de persoal: poderán subvencionarse os gastos de persoal propio ou contratado que estea dedicado directamente á organización e desenvolvemento da actividade subvencionada. Nestes gastos poderán incluírse os custes derivados do pago das retribucións ao persoal vinculado á actividade, así como as do persoal alleo á entidade beneficiaria con contrato de arrendamento de servizos, de colaboración ou semellante, segundo a normativa que lle sexa de aplicación.

Os gastos de persoal que traballe un tempo parcial na actuación subvencionada calcularanse como unha porcentaxe equivalente ao tempo efectivamente dedicado á actividade subvencionada. Neste caso, a representante da entidade beneficiaria emitirá un documento no que se estableza a porcentaxe que o persoal traballou para a dita actividade.

Non poderán incluírse neste concepto os gastos orixinados polas persoas que integran a xunta directiva, derivados do

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:UUQMYB51PB7L7GBE

exercicio desas funcións.

En ningún caso existirá relación de servizo ou laboral algunha entre o persoal que preste os seus servizos para a entidade beneficiaria e o Concello de Pontevedra.

g) Gastos de asesoría fiscal, laboral ou contable: poderán ser subvencionables se teñen relación directa e son necesarios para a realización do proxecto e actividade subvencionada.

h) Gastos en seguros: os gastos en seguros subscritos pola entidade beneficiaria serán subvencionables sempre que sexa un gasto necesario para a realización da actividade. Nese caso, coa xustificación da subvención presentarase a copia da póliza do seguro e o recibo bancario do pagamento.

Na póliza do seguro deberase detallar o período de cobertura, o número ou nome das aseguradoras e o título do proxecto ou actividade subvencionada.

i) Os tributos son gasto subvencionable cando a beneficiaria da subvención os paga efectivamente. Deste xeito, o IVE é subvencionable cando a beneficiaria o paga e non se lle deduce posteriormente.

j) Gastos indirectos: son aqueles gastos que afectan ao funcionamento de toda actividade da entidade beneficiaria en xeral, como gastos de luz, auga, limpeza, e outros similares. Como máximo poderán imputarse á subvención un máximo do 10% destes gastos indirectos.

Décima. Gastos subvencionables superiores a 15.000 euros

1. De conformidade co que establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, cando o importe do gasto subvencionable contratado pola beneficiaria supere os 15.000 euros deberá de solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do gasto.

2. Só se exceptuará este requisito nos seguintes casos:

- cando no mercado non exista un número suficiente de empresas coas que contratar polas especiais características do gasto
- cando o gasto se realice con anterioridade á concesión da subvención

3. Coa xustificación da subvención deberán achegarse as ofertas solicitadas.

4. A elección entre as ofertas solicitadas realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía; no caso de elixir a oferta economicamente menos vantaxosa, deberá de xustificarse esta circunstancia expresamente nunha memoria.

Décimo primeira. Gastos non subvencionables

Non serán subvencionables en ningún caso os seguintes gastos:

a) os gastos realizados fóra dos prazos de realización da actividade ou proxecto subvencionado sinalado na cláusula primeira, apartado 2.

b) os gastos pola compra de mobiliario, de equipos informáticos ou de telefonía, e, en xeral bens que sexan de carácter inventariable

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:UUQMYB51PB7L7GBE

c) os intereses debedores das contas bancarias, recargos, gastos derivados de operacións de crédito, nin gastos financeiros

d) os gastos derivados dunha mala ou ineficiente xestión dos fondos públicos

e) as sancións administrativas e penais, así coma os gastos de procedementos xudiciais

Décimo segunda.- Xustificación da subvención

1. O pago da subvención realizarase unha vez que a entidade beneficiaria xustifique axeitadamente a realización da actividade para a que se concedeu a axuda, nos termos establecidos neste convenio e na normativa reguladora da subvención.

2. A entidade beneficiaria está obrigada a presentar a conta xustificativa da subvención a través da Sede Electrónica do Concello de Pontevedra (http://sede.pontevedra.gal/) ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

A falta de xustificación ou a xustificación insuficiente terá como consecuencia a perda do dereito total ou parcial da subvención ou, no seu caso, o reintegro das cantidades xa percibidas.

3. A data límite para a presentación da conta xustificativa será o **31 de novembro de 2025**. A presentación da conta xustificativa fóra do prazo establecido constitúe unha infracción leve, ao incumprir as obrigas establecidas na normativa reguladora das subvencións públicas, e dará lugar á imposición das sancións previstas legalmente.

Por solicitude previa da beneficiaria presentada como mínimo un mes antes de que venza o antedito prazo, mediante resolución do órgano competente, poderase conceder unha ampliación deste prazo que non exceda da metade do prazo inicial, sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.

4. O tipo de xustificación será o de conta xustificativa con achega de xustificantes de gasto, debendo de presentar a seguinte documentación:

- Solicitude de pagamento do modelo 221 normalizado facilitado polo Concello.

- Declaración responsable da entidade beneficiaria relativa ao cumprimento das condicións e obrigas impostas coa concesión da subvención (Anexo I do formulario 221).

- Memoria detallada da actividade/proxecto subvencionada/o, con indicación das actividades realizadas e dos resultados e obxectivos obtidos (Anexo II do formulario 221).

- Relación total de ingresos da actividade/proxecto subvencionada/o (Anexo III do formulario 221).

- Relación total de gastos da actividade/proxecto subvencionada/o, con indicación das facturas ou dos documentos xustificativos do gasto (Anexos IV e V do formulario 221).

- Xustificación documental do gasto: facturas ou demais documentos de valor probatorio equivalente e o seu correspondente xustificante de pago.

- Documentación na que se acredite o cumprimento da obriga de publicidade do financiamento da actividade polo Concello de Pontevedra (publicaciones folletos, díptico, anuncios, correos, etc).

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:UUQMYB51PB7L7GBE

- Certificacións de estar ao corrente coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, coa Axencia Estatal Tributaria e coa Consellería de Economía e Facenda.

- Documentación xustificativa da subscrición dos seguros obrigatorios previstos nos artigos 22 e 23 da Lei 3/2012, do deporte de Galicia.

- No seu caso, carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados dos mesmos.

Décimo terceira.- Facturas e demais xustificantes de gasto

1. Só se admitirán os seguintes xustificantes de gastos:

a) Facturas. Deberán cumprir cos seguintes requisitos:

As facturas xustificativas da subvención deberán ter o contido establecido no Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real Decreto 1619/2012.

As facturas estarán emitidas a nome da entidade ou persoa beneficiaria.

Só se aceptarán facturas simplificadas cando conste con claridade o concepto de gasto, o IVE figure desglosado e conteña o nome da persoa ou entidade beneficiaria da subvención.

O idioma das facturas será o galego ou o castelán. No caso de que as facturas estean noutro idioma distinto do galego ou do castelán terán que vir acompañadas da súa tradución, en caso contrario non se admitirán como xustificantes do gasto.

b) Os gastos de persoal propio xustificaranse mediante os contratos de traballo, nóminas dos meses correspondentes, boletíns de cotización á Seguridade Social e declaración-liquidación das retencións practicadas.

c) Os gastos derivados de impartir relatorios, conferencias e os gastos de arbitraxe xustificaranse mediante factura ou, no seu caso, coa folla de liquidación cos datos fiscais da persoa receptora e declaración-liquidación acreditativa da retención practicada e da súa declaración e ingreso a prol da Axencia Tributaria.

d) As indemnizacións por manutención ou gastos de locomoción xustificaranse mediante a folla de liquidación cos datos fiscais da persoa perceptora e coa descrición detallada do desprazamento realizado, achegando factura dos servizos de restauración e, se é o caso, aloxamento, da persoa perceptora.

2. A data das facturas e dos demais xustificantes de gasto estará comprendida dentro do período subvencionable.

3. En ningún caso se admitirán como xustificantes de gasto os simples “recibíns”, tickets, facturas proforma ou albaráns.

4. As facturas deberán de vir acompañadas dos seus xustificantes de pago. O pago acreditarase mediante transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a persoa ordenante (a que recibe a subvención) e a persoa destinataria do pago (a provedora do ben ou servizo).

5. Só se admitirán pagos en metálico para os gastos que non superen os 200 euros. Neste caso deberá constar na

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:UUQMYB51PB7L7GBE

factura o selo de pago que acredite o recibín do perceptor da factura.

6. No caso de pagos en moeda estranxeira achegarase documento bancario de cargo no que conste o cambio aplicable na data da operación.

7. No caso de que os xustificantes de pago dos gastos non poidan presentarse coa conta xustificativa, deberá de acreditarse o seu pagamento no prazo de 10 días dende o abono da subvención pola Tesourería Municipal, ao abeiro do estabelecido no artigo 18.2 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello.

Décimo cuarta. Publicidade e difusión do financiamento da actividade polo Concello

A entidade beneficiaria deberá dar publicidade da subvención concedida polo Concello e do carácter público da financiación da actividade.

De acordo con isto, deberá de destacar en lugar preeminente a colaboración económica do Concello de Pontevedra, na documentación da actuación, nas informacións, materiais e anuncios de difusión da actividade que realice e tamén na páxina web e nas redes sociais do evento, de acordo coa imaxe corporativa do Concello de Pontevedra.

Décimo quinta. Protección de datos de carácter persoal

1. As partes asinantes fan constar, de maneira expresa, que cumprirán coa normativa de protección de datos, establecida na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo cal se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (RLOPD), en todo aquilo que non contradiga a normativa vixente, así como o Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas con respecto ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e pola cal se derroga a Directiva 95/46/CE.

Neste sentido, só se poderán tratar os datos persoais facilitados para a realización das actividades obxecto do convenio nos termos que se establecen nas anteriores normas, e, no seu caso, de acordo coas instrucións facilitadas polo Delegado de protección de datos do Concello de Pontevedra.

Concretamente, as partes asinantes fan constar, de maneira expresa, que adoptarán e aplicarán as medidas organizativas e técnicas necesarias para garantir a seguridade dos datos aos cales accedan como consecuencia das actuacións que son obxecto deste Convenio.

2. A entidade beneficiaria e as persoas que se integren nesta, así como o persoal que teña ao seu cargo obríganse a gardar reserva respecto dos datos ou antecedentes relacionados co obxecto do convenio, e quedan obrigadas a gardar segredo e sixilo sobre os datos aos que poidan ter acceso con ocasión do cumprimento do convenio, obriga que subsiste incluso unha vez que se extinga o convenio.

Décimo sexta. Comprobación da subvención

No exercicio das funcións de fiscalización e control do destino dos fondos públicos a entidade beneficiaria facilitará canta información lle sexa requirida pola Intervención Xeral Municipal, polo Tribunal de Cuentas e polo Consello de Contas de Galicia.

Neste senso, a súa actuación estará sometida á esixencia de responsabilidade contable nos termos e co alcance que determine, no seu caso, o axuizamento dos anteriores órganos.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:UUQMYB51PB7L7GBE

Décimo sétima. Órgano de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio

Para o seguimento, vixilancia e control da execución do convenio, dos compromisos adquiridos e das actividades previstas, constituírase unha comisión de seguimento integrada por catro membros, dous a proposta do alcalde e dous a proposta da beneficiaria da subvención.

A comisión de seguimento resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir en canto á interpretación e cumprimento dos termos do convenio.

Décimo oitava. Vixencia e causas de extinción

1. O presente convenio de colaboración entrará en vigor no intre da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o 31 de decembro de 2025.

2. Serán causas de extinción deste convenio:

- O transcurso do prazo da súa vixencia e a realización do seu obxecto.
- O acordo unánime das partes asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista na lei.

O incumprimento do obxecto, actividades e compromisos estabelecidos no convenio por parte da entidade beneficiaria dará lugar á incoación do expediente de reintegro da subvención, ademais da imposición das sancións que, no seu caso, resulten oportunas.

Décimo novena. Natureza do convenio, réxime xurídico e xurisdición competente

O convenio ten natureza administrativa e rexerase pola normativa reguladora das subvencións públicas que se indica na cláusula primeira, pola Lei 40/2015, pola lexislación básica do Estado en materia de réxime local, pola Lei 9/2007, polos preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006, polas cláusulas que se conteñen neste convenio, polas Bases de Execución do Orzamento do Concello e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Ante a falta de entendemento previo pola Comisión de Seguimento, as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

Vixésima. Publicidade do convenio e da subvención concedida

En aplicación da Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, este convenio publicarase no portal de transparencia do Concello de Pontevedra.

Ademais, a concesión da subvención publicarase na Base de Datos Nacional de Subvencións, conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións."

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:UUQMYB51PB7L7GBE

En proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio, no lugar e data ao principio indicados, quedando un exemplar en poder de cada unha delas.

Asinado por: JOSE CARLOS CASTIÑEIRA PIÑEIRO
Servizo: SECRETARIA DE ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL
Cargo: SECRETARIO
Data: 29/09/2025
RESOLUCION: 2025008254

Asinado por: ANABEL GULIAS TORREIRO
Servizo: ALCALDIA
Cargo: CONCELLEIRA
Data: 29/09/2025

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:UUQMYB51PB7L7GBE